



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Artes afíns

|                       |  |        |       |              |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia               | Artes afíns  |        |       |              |
| Código                | P01G010V01801  |        |       |              |
| Titulación            | Grao en Belas Artes  |        |       |              |
| Descritores           | Creditos ECTS  | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
|                       | 6  | OB     | 4     | 2c           |
| Lingua de impartición |  |        |       |              |
| Departamento          | Debuxo<br>Escultura<br>Pintura   |        |       |              |
| Coordinador/a         | Huetes Vales, Angel  |        |       |              |
| Profesorado           | Barcia Rodríguez, Ignacio Fernando<br>Dopico Aneiros, Maria Dolores<br>Huetes Vales, Angel   |        |       |              |
| Correo-e              | anxel@uvigo.es   |        |       |              |
| Web                   |  |        |       |              |
| Descrición xeral      | Percorrido por manifestacións culturais contemporáneas (música, artes escénicas, literatura, cine, deseño e arquitectura) que, pola súa herdanza artística ou pola súa proximidade conceptual e estética, manteñen vínculos coas disciplinas impartidas na titulación. |        |       |              |

## Competencias de titulación

|        |   |
|--------|---|
| Código |   |
| A1     | Comprensión crítica da historia, teoría e discurso actual da arte. Comprender de xeito crítico a historia, teoría e discurso actual da arte. Asimilación analítica dos conceptos nos que se sustenta a arte                 |
| A2     | Comprensión crítica da evolución dos valores estéticos, históricos, materiais, económicos e conceptuais. Analizar a evolución dos valores da arte desde unha perspectiva socioeconómica e cultural                          |
| A5     | Coñecemento da teoría e do discurso actual da arte, así como o pensamento actual dos artistas a través das súas obras e textos. Actualizar constantemente o coñecemento directo da arte a través dos seus propios creadores |
| A8     | Coñecemento das diferentes funcións que a arte adquiriu a través do desenvolvemento histórico. Estudar a evolución do papel da arte a través do tempo   |
| A21    | Capacidade de comprender e valorar discursos artísticos en relación coa propia obra. Establecer medios para comparar e relacionar a obra artística persoal co contexto creativo.  |
| A23    | Capacidade de comunicación. Aprender a traducir as ideas artísticas para poder transmitir as  |
| A24    | Capacidade para expoñer oralmente e por escrito con claridade problemas artísticos complexos e proxectos  |
| A25    | Capacidade de (auto)reflexión analítica e (auto)crítica no traballo artístico.  |
| A33    | Capacidade de colaboración con outras disciplinas. Desenvolvemento de vías de relación e intercambio con outros campos de coñecemento   |
| A35    | Capacidade para activar un contexto cultural e/ou modificar un contexto público ou privado. Saber entender o contexto cultural para xerar iniciativas e dinamizar o entorno   |
| A45    | Habilidade para comunicar e difundir proxectos artísticos   |
| A47    | Habilidade para realizar e integrar proxectos artísticos en contextos máis amplos. Desenvolver estratexias de proxección da creación artística para alén do seu campo de actuación  |
| B1     | Capacidade de xestión da información.   |
| B3     | Coñecemento básico da metodoloxía de investigación das fontes, a análise, a interpretación e síntese  |
| B6     | Capacidade de traballar en equipo.  |
| B7     | Capacidade de integración en grupos multidisciplinares. Capacidade de colaboración con profesionais doutros campos  |
| B12    | Capacidade de adaptación a novas situacións.  |
| B15    | Sensibilidade a respecto do patrimonio cultural.  |

## Competencias de materia

|                                 |                                       |
|---------------------------------|---------------------------------------|
| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---------------------------------|---------------------------------------|

|  |                   |                        |
|--|-------------------|------------------------|
| Coñecementos básicos das manifestacións artísticas contemporáneas en disciplinas afíns.          | A1<br>A5          |                        |
| Coñecementos históricos básicos sobre artes escénicas e música.                                  | A1<br>A8          |                        |
| Coñecementos históricos das afinidades entre disciplinas artísticas distintas.                   | A1<br>A2<br>A8    |                        |
| Capacidade de entender as artes plásticas na súa relación con outras manifestacións artísticas.  | A2<br>A21<br>A33  |                        |
| Capacidade para comprender os vínculos das artes plásticas con disciplinas afíns.                | A2<br>A33<br>A35  |                        |
| Capacidade para a apreciación crítica de manifestacións artísticas de ámbitos distintos.         | A2<br>A25<br>A33  | B1<br>B7<br>B12<br>B15 |
| Habilidade para relacionar sensibilidades creativas en diferentes ámbitos artísticos.            | A47               | B7                     |
| Habilidade para integrar a creación en artes plásticas en ámbitos artísticos multidisciplinares. | A33<br>A47        | B6                     |
| Habilidade para establecer discursos críticos acerca da creación e a cultura contemporáneas.     | A23<br>A24<br>A45 | B1<br>B3               |

### Contidos

| Tema                                 |  |
|--------------------------------------|--|
| Aproximacións á música.              | As vangardas e a música.<br>Relacións e sinerxías entre as artes plásticas e a música na contemporaneidade.  |
| O teatro contemporáneo.              | A escena europea do século XX: o espacio escénico e as estratexias antinaturalistas.<br>Propostas finiseculares.<br>Vínculos coas artes plásticas. |
| Aproximacións ao cinema.             | O cinema de vangarda e a súa relación con outras disciplinas.  |
| Aproximacións á danza contemporánea. | Renovacións da danza a partir do século XX.  |
| Aproximacións ao deseño.             | A experimentación no deseño industrial. Repensar os obxectos.  |
| Arte / Moda.                         | Relacións e contaminacións.  |
| Aproximacións á literatura           | Vínculos entre a literatura e as artes escénicas, o cinema e as artes plásticas.   |

### Planificación

|                                    | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|------------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Sesión maxistral                   | 14            | 28                 | 42           |
| Actividades introductorias         | 1             | 0                  | 1            |
| Traballos tutelados                | 0             | 15                 | 15           |
| Seminarios                         | 0             | 32                 | 32           |
| Eventos docentes e/ou divulgativos | 0             | 16                 | 16           |
| Debates                            | 2             | 0                  | 2            |
| Traballos de aula                  | 8             | 24                 | 32           |
| Presentacións/exposicións          | 5             | 5                  | 10           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

|                                    | Descrición   |
|------------------------------------|--|
| Sesión maxistral                   | Exposición, por parte do profesorado, dos contidos da materia e directrices dos traballos que desenvolverá o alumnado.   |
| Actividades introductorias         | Presentación da materia. Probas de nivel e de coñecementos xerais sobre a temática da materia.   |
| Traballos tutelados                | Elaboración de memorias e resumos relativos ás actividades desenvolvidas nos seminarios, eventos e noutro tipo de actividades autónomas (visita a exposicións, asistencia a espectáculos de teatro e danza, concertos...). |
| Seminarios                         | Actividades complementarias ás clases teóricas (visionado de películas, audicións de música...) enfocadas a afondar nos contidos da materia.   |
| Eventos docentes e/ou divulgativos | Conferencias e exposicións realizados por poñentes de prestixio, enfocadas a afondar e complementar os contidos da materia.  |

|                           |   |
|---------------------------|---|
| Debates                   | Charlas abertas entre o alumnado relativas aos contidos da materia e aos resultados expostos polos grupos de alumnos  |
| Traballos de aula         | Desenvolvemento de exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do docente, podendo estar vinculados ás actividades autónomas do estudante. |
| Presentacións/exposicións | Actividades, a realizar en grupo, onde se expoñen os resultados de exercicios e traballos realizados.   |

### Atención personalizada

| Metodoloxías        | Descrición  |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | Orientación, apoio e seguimento, por parte do profesorado, para a realización dos traballos e probas propostas. Esta actividade desenvolveráse de forma individualizada e en pequenos grupos, de forma presencial e non presencial. Horarios de titorías: Ignacio Barcia Rodríguez: Venres, de 9:30 a 10:3h. María Dolores Dopico Aneiros: Martes de 12 a 15h e Xoves de 12 a 15h Ánxel Huete Vales: Primeiro cuatrimestre: Mercores, de 10:30 a 14:30h; 15:30 a 17:30h. Segundo cuatrimestre: Mercores, de 10:30 a 14:30h; 15:30 a 17:30h. |
| Traballos de aula   | Orientación, apoio e seguimento, por parte do profesorado, para a realización dos traballos e probas propostas. Esta actividade desenvolveráse de forma individualizada e en pequenos grupos, de forma presencial e non presencial. Horarios de titorías: Ignacio Barcia Rodríguez: Venres, de 9:30 a 10:3h. María Dolores Dopico Aneiros: Martes de 12 a 15h e Xoves de 12 a 15h Ánxel Huete Vales: Primeiro cuatrimestre: Mercores, de 10:30 a 14:30h; 15:30 a 17:30h. Segundo cuatrimestre: Mercores, de 10:30 a 14:30h; 15:30 a 17:30h. |

### Avaliación

|                           | Descrición  | Cualificación |
|---------------------------|---|---------------|
| Traballos tutelados       | Valorarase:<br>-Comprensión, asimilación e aplicación dos contidos da materia.<br>-Complexidade e profundidade da análise.<br>-Orixinalidade do enfoque e achegas persoais á análise.<br>-Claridade da análise e da redacción.<br>-Calidade da redacción.<br>-Cumprimento na data de entrega. | 20            |
| Debates                   | Valorarase a participación nos debates, as achegas e enfoques persoais, as capacidades analítica, crítica e argumentativa.  | 5             |
| Traballos de aula         | Valorarase a asimilación e aplicación dos contidos impartidos no aula, as fontes consultadas e a actitude investigadora, o interés do traballo e a súa adecuación á proposta, a orixinalidade do enfoque, a implicación no exercicio e o cumprimento na data de entrega.                      | 55            |
| Presentacións/exposicións | Valorarase a asimilación dos contidos impartidos e as lecturas efectuadas, a contribución de cada estudante á exposición do traballo, as súas capacidades comunicativas e de transferencia e as súas capacidades analítica, crítica e argumentativa.  | 20            |

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación será continúa.

Para aprobar a materia, o alumnado ten que elixir, de entre os seminarios e eventos propostos polo profesorado, un 60% como mínimo.

Para a mellora e a recuperación na aprendizaxe, é necesario que o/a alumno/a adquiera solvencia teórica formulándolle dúbidas ao profesorado, participando nos debates desenvolvidos na aula, consultando a bibliografía recomendada, estudando o material subministrado, etc. Tamén é preciso que efectúe unha revisión crítica dos traballos e proxectos realizados e que incremente o seu coñecemento práctico mediante a asistencia ás manifestacións culturais dos eidos do cinema, a danza, o teatro, a música, a arquitectura e o deseño.

Segunda convocatoria: indícarase a cada estudante aqueles traballos que debe presentar ou completar e/ou se ten que realizar algunha proba de avaliación específica.



### Bibliografía. Fontes de información

Barnard, Malcolm (ed.), **Fashion Theory. A reader.**, Routledge,  
Deleuze, Gilles, **La imagen-tiempo: estudios sobre cine 2**, Paidós,  
Goldberg, Roselee, **Performance Art: desde el futurismo hasta el presente**, Destino,

---

Gómez Molina, J.J. (Coord.), **La representación de la representación. Danza, teatro, cine, música**, Cátedra,  
Morgan, Robert P., **La música del siglo XX. Una historia del estilo musical en la Europa y la América modernas**,  
Ediciones Akal,

---

Oliva, César y Torres Monreal, Francisco, **Historia básica del Arte Escénico**, Cátedra,  
Ross, Alex, **El ruido eterno. Escuchar al siglo XX a través de su música**, Seix Barral,  
Ruiz de Azúa, Martín (1965- ), **Objetar, memoria y creación**, Actar Editorial (Font i Prat Associats, S. L.),  
UBUWEB, <http://www.ubuweb.com/>,

---

---

## **Recomendacións**

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

---

Arte e contemporaneidade/P01G010V01601

---

### **Outros comentarios**

---

Para acadar as competencias relativas a esta materia, recoméndase que o/a alumno/a conxugue ao máximo a análise teórica coa experiencia práctica, poñéndose en estreito contacto co campo cultural, é dicir, visitando espazos, institucións culturais e exposicións; asistindo a conferencias e eventos de música, danza, teatro, cinema, arquitectura e deseño; consultando catálogos, revistas especializadas, medios de comunicación e blogs.

---